









CFR
A CORUÑA

centro de formación e recursos

BOletín


XANEIRO 2021



Diccionario irreal para un país imposible

Seoane, Xavier

Vigo: Xerais, 2020 • ISBN: 978-84-9121-760-2 • 384 páxs.



BOLetín
XANEIRO 2021



centro de
formación e recursos



Son moitos os autores que subliñan a importancia que tiveron os dicionarios na súa vida. Incluso algún os converten en protagonistas dos seus libros como é o caso de Juan José Millás. Nunha novela como *El orden alfabético* as letras comezan a desaparecer e as persoas sofren para sobreviviren nun mundo tan hostil. O protagonista de *Juegos de la edad tardía* de Landero recibe como agasallo un dicionario que cambiará a súa vida. Esta querencia polos repertorios lexicográficos propiciou que escritores como Borges, Galdós, Gómez de la Serna, Atxaga ou Javier Tomeo, crearan pequenos mundos de ficción viaxando polo labirinto das letras.

Xavier Seoane manifesta a mesma paixón polo mundo das palabras. Na súa biblioteca non é extraño atopar letras de imprenta e obxectos de escritura medio ocultos entre os montóns de libros espallados polos estantes. Neste singular e sorprendente dicionario xúntase a admiración pola linguaxe xunto coa devoción pola

terra galega.

O libro exalta e reivindica as tradicións, a lingua, a historia, os mitos, a paisaxe e a cultura galega cun marcado acento de universalidade. Deste xeito, conviven nesta obra personaxes senlleiros da cultura galega como como Emilio Cao, María Balteira, Amancio Prada, Miguelanxo Prado, Luguís, Arsenio ou Amancio xunto con outros alén da nosa terra como Alfonso X, Heráclito ou o mesmo Adán ao que o autor bautiza como antigo galego.

Algunhas das entradas deste enxeñoso dicionario como son a do Camiño de Santiago ou a da Emigración son breves ensaios repletos de erudición e creatividade redactados sempre cun ton ameno que fará as delicias do lector, ou lectora máis esixente. Xavier Seoane consegue desvelar a nosa idiosincrasia tamén as nosas eivas con espírito crítico e cun sentido do humor moi sutil e lampantín como se pode apreciar en definicións coma a seguinte: *Cacique: especie de*

Drácula, non oriundo de Transilvania, senón de América, que na Galicia gozou dunha mutación exitosa e sorprendente.

E como este é un dicionario literario que ten por autor a Xavier Seoane, a sensibilidade poética non podía estar ausente. O alento poético percorre toda a obra non só nos textos poéticos tan ben escollidos e sempre tan pertinentes que se espallan por todo o libro senón tamén na elección da palabra precisa que lle dá un ritmo harmónico a todo o texto. As fermosas ilustracións de Ramón Trigo contribúen tamén a facer aínda máis grata a lectura.

Animo ao lector a percorrer as páxinas deste dicionario dunha maneira lúdica e libre de prexuízos, porque este é un libro polo que navegar sen présas e co que gozar en cada un dos meandros deste caudaloso río do imaxinario reino galaico.



Javier Pintor Elizalde
Asesoría Lingüístico-social

¿Hiperconectados?

Educarnos en un mundo digital

Jubany, Jordi

Tarragona: Eumo Editorial, 2017

ISBN: 978-84-16918-02-7 • 158 páxs.

Este libro aborda non só as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías na contorna familiar, senón tamén a necesidade de desconectar, para que o marabilloso mundo da información non nos devore e destrúa o núcleo familiar. A sociedade dixital ten incorporado novas formas de afrontar a realidade que vivimos e condiciona a nosa relación cos nosos achegados, sobre todo coa nosa familia (organizarnos, comunicarnos, divertirnos, viaxar, acor- dar decisións, etc.). É unha contorna complexa que tamén provoca dúbidas e crea tensións: xestión da privacidade, seguridade, dereitos e deberes.

A sociedade actual non dispoñía previamente de persoas coa experiencia e

os coñecementos suficientes para que puidesen guiar no uso adecuado das novas tecnoloxías; os individuos que vivimos o final do s. XX e os albores do s. XXI tivemos que ser autodidactas e adaptármonos aos novos avances tecnolóxicos que o mercado puxo á nosa disposición. Este libro pretende, a partir da descrición de situacións que nos poden resultar reais, facilitar a reflexión e a educación; e se a lectura se fai en familia, estas reflexións resultarán moito máis proveitosas.

Jordi Jubany proponnos unha serie de prácticas seguras, non a través dunha listaxe ao uso, nin sermoneando ao lector, senón exemplificando a través do que fan unha serie de personaxes



nas súas vidas diarias, e que ben poden ser persoas da vida real. Deste xeito, o lector poderá verse reflectido nalgunha ou moitas das rutinas descritas e poderá enriquecerse coas propostas que se lle ofrecen.

Adicionalmente, o autor bríndanos conceptos que con toda seguridade suscitarán a reflexión ou o debate en grupo ao redor de temas como a difusión ideolóxica a través dos novos medios, a solidariedade, a cultura, o medio ambiente, o empoderamento da cidadanía, a democracia, a liberdade, a felicidade, a publicidade, a privacidade... Estes temas para a reflexión e os consellos que nos ofrece Jordi Jubany neste libro non desencantarán ao lector, ou lectora que busque orientación no universo dixital.



BOLetín
XANEIRO 2021



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Alberto Huerga Carnicero
Asesoría linguas estranxeiras

Debatir bien: una asignatura pendiente

Fabregat, Antonio; de la Puerta, Javier y González, Yolanda
Barcelona: Planeta 2020 • ISBN: 978-84-1344-021-7 • 398 páxs.

Antonio Fabregat, Javier da Porta e Yolanda González son os expertos en comunicación, oratoria e debate encargados de tratar a arte, a persuasión, a racionalización, a argumentación e moitas cativadoras estratexias preparadas para implementar na aula.

Quen non se viu inmerso nun debate na escola, con amigos, no plano profesional, sen ter recursos para argumentar de maneira eficiente e segura unha idea, unha proposta, un cambio? Se como docente te identificas con esta situación, recoméndoche ler este libro, para elaborar clases non só dinámicas, senón interesantes e participativas a todos os niveis.

Unha forma de implicar o alumnado é escoitalo. Sentirase máis motivado polo saber, se lle permites poñelo en práctica.

Neste libro, os campións do mundo de debate ofrecen unha guía completa e exhaustiva para aprender a dominar o debate académico,

dende as bases do seu formato, ata os trucos e estratexias máis avanzadas para persuadir a unha audiencia.


O debate académico é, probablemente, unha das actividades máis esixentes e enriquecedoras intelectualmente ás que se enfrontan, desde hai non moito tempo, os mozos do noso país en colexios e universidades. O debate permítelles fortalecer as súas habilidades retóricas, de argumentación e traballo en equipo e, grazas a el, obteñen unha preparación esencial para o mundo laboral.

A listaxe de debates que aparece no último capítulo é un recurso, como todo o libro, moi útil para profesorado e alumnado. Este manual facilita a visualización de expresións e ofrece consellos válidos para poñer en valor o debate nas nosas aulas.



BOLetín
XANEIRO 2021

 **CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Montserrat Penelas-Cortés Bellas
Asesoría FP

Ágora aberta

Enderezo: <https://www.agorabierta.com/>

[Consulta realizada o 18/01/2021]

Este blog ten como obxectivo principal deseñar e compartir experiencias de aprendizaxe. A autora é Clara Cordero, mestra de educación infantil e formadora docente en innovación educativa. Dedícase ao campo da “gamificación”, o visual e visible “thinking”, á competencia dixital e comunicativa, e o desenvolvemento de contornas e espazos de aprendizaxe creativas coma estratexias eficaces na aula.

Trátase dun espazo en rede no que atoparás múltiples ramificacións relacionadas con conceptos, estratexias e metodoloxías claves na educación do século XXI:

Visual/Design Thinking, é unha metodoloxía de traballo en grupo que maximiza a creatividade colectiva co fin de ofrecer unha solución a un problema. Clara Cordero comenta no seu blog que a integración desta metodoloxía nas dinámicas de aula permite **simplificar** información complexa, xa que logra que programemos percorridos de aprendizaxe dende todas as perspectivas, aumentando a nosa **creatividade** e a nosa **análise**



do contexto, permitiéndonos **comunicar** a forma na que o cerebro comprende a información dun xeito natural.

Gamificación, é unha estratexia educativa e motivacional, que atende a ritmos e necesidades diferentes a través do xogo e da creación de formatos lúdicos. Segundo a autora, gamificar aumenta a motivación e combina diferentes ciencias, o que permite globalizar a aprendizaxe.

Diseño instruccional, é a práctica de crear experiencias de instrución que fan a adquisición de coñecementos e habilidades máis eficientes, eficaces e atractivas. A autora presenta diferentes recursos e estratexias para poder levalo a práctica dunha forma dinámica.

Este blog está deseñado para crear unha reflexión conxunta e conseguir a implicación activa por parte do alumnado.



BOletín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Sabela Fernández Trelles
Asesoría infantil e primaria

Las matemáticas del arte

Más allá del número de oro

Rodríguez Taboada, Julio e García Agra, Pilar

Madrid: Editorial La Catarata, 2018 • ISBN: 978-84-9097-479-7 • 116 páxs.


Parafraseando a Galileo, as matemáticas son o idioma no que está escrito o universo. En "Las matemáticas del arte", expónse unha forma excelente de achegar o alumnado a esta linguaxe fascinante, a través da lectura matemática de diversas manifestacións artísticas. Percorrendo os distintos capítulos imos atopando as leis matemáticas que sustentan a percepción da harmonía na música, a pintura, a escultura, a arquitectura ou a fotografía, con especial referencia á razón áurea, razón que representa o canon da beleza clásica e unha das proporcións fundamentais da natureza. A viaxe prosegue con outros modelos como a

abstracción xeométrica do movemento artístico De Stijl, iniciado a principios do século XX, a idea de xeometría inversa aplicada aos deseños de moda, ou a representación matemática dos arcos utilizados en distintos estilos arquitectónicos. Continuamos cos patróns que aparecen nos mosaicos e similares, para concluír cunha aproximación aos fractais, un concepto matemático recente e bastante descoñecido en xeral, no que se encerra unha extraordinaria beleza e utilidade.

En canto ao enfoque do texto, a súa estrutura permite dúas lecturas diferenciadas: unha totalmente verbal, na que se

expoñen as ideas de modo sinxelo e ameno, prescindindo da linguaxe matemática, e outra na que se presentan con rigor os conceptos matemáticos correspondentes. Ademais, incorpóranse propostas didácticas moi interesantes para traballar na aula, totalmente en liña coa metodoloxía STEAM.

Como conclusión, trátase dunha publicación moi atractiva e completa, na que se realiza un bonito paseo a través da arte, que nos leva a ver a beleza das matemáticas, e que nos ofrece grandes posibilidades de aplicación didáctica.



BOLetín
XANEIRO 2021



centro de
formación e recursos



Celina Santamaría Recio
Asesoría TIC

Pequena historia da Coruña

Alfeirán, Xosé; Ilustrador: Tomás, Xosé

Ferrol: Edicións Embora, 2020 • ISBN: 978-84-17824-26-6 • 42 páxs.

Interesante, entretida, rápida e con rigor histórico. Así é a lectura desta obra que preten- de facer un pequeno repaso dalgúns episodios significa- tivos da historia da Coruña dende a época castrexa ata a actualidade

Barallar as súas páxinas é mer- gullarse nun percorrido crono- lóxico por acontecementos e persoeiros que marcaron fitos na historia da cidade (Alfonso IX, Carlos V, María Pita...) ambientados en lugares e edificios emblemáticos que re- sultan facilmente recoñecibles para calquera lector, ou lectora minimamente familiarizado co lugar. Precisamente aquí é onde cobran protagonismo as ilustracións de Xosé Tomás, acompañando e dando vida á

narración e aos diálogos que, da man de Xosé Alfeirán, van guiando, contando e, mesmo dramatizando, episodios históricos diversos da cidade herculina.

Linguaxe sinxela, ilustracións claras que algunhas licenzas humorísticas permiten recrear e alternar momentos onde a vida cotiá se mestura cos grandes acontecementos, o rigor histórico coa persisten- cia das lendas, os grandes persoeiros cos diálogos do pobo e o latín das inscricións romanas coa famosa etiqueta de "La Estrella de Galicia" ou o "buaahh neno!" dese "koru- ño" tan peculiar.


E sempre coa importancia do mar como fondo... Ese mar que determinará a situa-

ción xeográfica tan singular deste pequeno recuncho do noroeste peninsular e que se converterá en vía de chegada e partida de xentes, mercado-

rias, costumes e tradicións; ese mar, en definitiva, cara ó que vive a cidade, e sen o que non se poderían entender nin a súa Historia nin as súas

historias.

O binomio texto-imaxe em- pregado nesta obra permite transmitir unha grande canti- dade de información de xeito inmediato e condensado, ao tempo que resulta especial- mente atractivo para a mocida- de, cada vez máis habituada á linguaxe visual. Aproveitando ese gancho propio do cómic, esta "Pequena historia da Coruña" pode ofrecer grandes posibilidades como recurso de aula para aprender e entender a nosa historia dunha maneira menos ríxida e máis lúdica pero non por iso pouco eficaz e, cando menos, igualmente proveitosa.



BOLetín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Belén Cotón Méndez
Asesoría Lingüístico-social



Unha mente que voa

Unha mirada á evolución da linguaxe

Mariño Alfonso, Xurxo

Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2020 • ISBN: 978-84-9121-761-9 • 117 páxs.

“Agora mesmo, ao ler estas liñas, estás a utilizar a habilidade máis sorprendente e extraordinaria da túa mente: a linguaxe. Unha ferramenta única que usamos os humanos modernos para elaborar o pensamento e para comunicar todo tipo de ideas dunha mente a outra. É algo que nos diferencia de todos os demais seres vivos coñecidos. Ningún

outro animal posúe algo remotamente similar, pero... Como xurdiu esta capacidade única dos humanos?”

Con esta interesante cuestión comeza unha obra na que se realiza un percorrido pola evolución biolóxica e cultural do Xénero “Homo”, á vez que se analizan os cambios producidos durante os primeiros anos de vida das nenas e nenos.

O autor, Xurxo Mariño, é doutor en bioloxía, profesor da Universidade de A Coruña e investigador e divulgador científico. Explica de xeito sinxelo, claro e ameno, cuestións científicas profundas e interesantes que permiten afondar na comprensión do que somos como especie.



BOletín
XANEIRO 2021



centro de
formación e recursos



Marta Dopico Vázquez
Asesoría Organización escolar e atención á diversidade



BOletín
XANEIRO 2021



centro de
formación e recursos



Pedagogías Queer

¿Nos arriesgamos a hacer otra educación?

Sánchez Sáinz, Mercedes

Madrid: Editorial Catarata, 2019 • ISBN: 978-84-9097-829-0 • 158 páxs.

A autora, Mercedes Sánchez, pretende mostrarnos neste libro un tipo de pedagogías alternativas que abran a nosa visión cara un modelo educativo diferente.

Distinguímos claramente tres momentos na súa narrativa:

O primeiro, no que describe criticamente o noso sistema socioeducativo fundamentado na norma, no racismo, no capitalismo, no cisexistencia, no heteropatriarcal...

O segundo momento, no que nos explica o que son as pedagogías "queer", ou como ela mesma as chama, pedagogías subversivas, transformadoras, raras, estrañas e antinormativas.

E un terceiro, e derradeiro momento, no que comparte as súas prácticas educativas de aula.

A normalización orixina desigualdades, provocadas por entender os suxeitos de maneira binaria, responsable da etiquetaxe e a clasificación das persoas. O que leva implícito a exclusión dunhas, e a dominación doutras. Exclúense corpos baixos, gordos, con pluma, intersex, con audifonos, trans... Así, podemos atopar persoas normais e persoas que aspiran a selo. Sen cuestionar os seus principios educativos e as súas exclusións.

A autora fainos cuestionar conceptos como a integración e a atención á diversidade xa que parte do principio de desestabilizar as categorías existentes e elaboradas socialmente. Supera limitacións, violencias normativas e exclusións. Trátase de desmantelar as estruturas normativas existentes en educación para poder facer un lugar máis

amable para todas as realidades, onde non existan normais e raros. Transformando o Plan de atención á diversidade no Plan de atención ao alumnado, onde o noso corpo sexa recoñecido e aceptado socialmente.

As pedagogías "queer" son unha práctica valente e atrevida, na que son precisas a curiosidade, o pensamento crítico, o cuestionamento das nosas formas de facer, a nosa realidade. Pero se contemplamos o noso arredor e ollamos as consecuencias do acoso escolar, os canais normalizadores existentes e as opresións e malestares presentes nos centros educativos, resulta urxente facer das escolas un lugar onde poder ser.



Arancha Folgar Castelo
Asesoría artística e deportiva

Orientación Andújar

Enderezo: <http://www.orientacionandujar.es>

[Consulta realizada o 18/01/2021]

Este espazo web foi creado por un matrimonio de expertos en educación, formado por unha logopeda e psicóloga, e un licenciado en químicas e coordinador TIC.

A decisión de crear o blog, inicialmente, foi para colgar documentos e información relevante para o profesorado do seu centro. Viron este recurso como unha gran proposta para recompilar información e material que elaboraban e querían compartir.

Contén multitude de recursos, moitos deles centrados nas NEE. As categorías a destacar serían as baseadas na competencia matemática (lóxica de pensamento, cálculo, OAOA,


resolución de problemas...), e na competencia lingüística (comprensión de textos, escritura creativa, gramática, ortografía...), así como programas de atención tempera, discriminación auditiva e percepción visual.

O blog conta tamén con recursos metodolóxicos, que facilitan a elaboración e adaptacións de materiais ás necesidades de cada mestre ou mestra; falamos principalmente de organizadores gráficos, tutoriais para crear actividades en PDI, aspectos relativos ás intelixencias múltiples... Tamén achega actividades específicas para a lingua inglesa e guías e rexistros específicos para mestres e mestras.

BOLetín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



A páxina contén un canal de “youtube” con multitude de vídeos de toda as temáticas; ciencias naturais, sociais, letras, experimentos...

A cantidade de contidos que proporciona, facilita o acceso a recursos tan variados que cubre moitas das necesidades educativas dos mestres e mestras. Este espazo non só facilita materiais específicos e fichas de traballo, senón que achega ideas, guías, organizadores, e permite o acceso a diferentes metodoloxías para adaptalas ás necesidades concretas do noso alumnado.




Laura María Pampín Ares
Mestra CEIP Emilio González López de Cambre

Zona a Defender

A esperanza indócil

Rivas, Manuel

Vigo: Editorial Xerais, colección Crónica-Xornalismo, 2020
ISBN: 978-84-9121-792-3 • 176 páxs.



Manuel Rivas borda os textos híbridos que funden xornalismo, poesía e ficción. Nestes textos atopamos a súa voz máis rebelde, e algunhas das súas mellores creacións. Son textos nos que domina o alento poético, o inconformismo cidadán e a palabra precisa e humana que desvela realidades ocultas.

Zona a Defender é un conxunto heteroxéneo e urxente de textos no que é moi identificable o activismo político inherente a este autor. Rivas lanza a súa mirada irónica, aceda, subversiva, poética sobre algunhas das inxustizas que nos rodean e analizaas con sutileza, ollo crítico e, en ocasións, con retransa.

Esta é unha obra revolucionaria porque Rivas, como Lorca, é un poeta que entende a literatura como unha forma de combate que debe de estar á beira dos máis desfavorecidos. O libro parte da premisa de que no noso mundo deberían multiplicarse as zonas para defender. Deste xeito, insístease na defensa do medio ambiente e a natureza, do

xornalismo digno, das mulleres, dos lazos familiares, do humanismo, e subliñase a necesidade de protexer e recuperar “o alento das palabras e o acento da verdade”. Manuel Rivas avoga por defender o sentido das palabras e clama por unha linguaxe que “desmante o odio” e esixe unha ecoloxía das linguas, que as preserve da súa aniquilación. Neste sentido, valora as bibliotecas, as librerías e os ateneos como espazos igualitarios, lugares de ecoloxía social.

O lado máis intelectual e de lector compulsivo de Rivas atopámolo nas innumerables citas e comentarios sobre libros e escritores que aparecen ciscadas ao longo de todo o texto, e que premian o lector, ou lectora con roteiros de lectura complementarias.

En Zona a Defender tamén nos atopamos con relatos de infancia e adolescencia, con historias familiares e crónicas actuais que exaltan a memoria e reclaman a necesidade de descolonizar a imaxinación

para alcanzar a verdade. Algunhas destas historias conmoverán o lector e lectora, outras farán que se incomoden, e algunhas como “Os expertos e as vacas na néboa” devolveranlle o sorriso á cara polo seu ton humorístico e nostálgico. Aquí e noutros textos descríbese a esquizofrenia do solucionismo tecnolóxico e cárgase contra o discurso tecnoutópico tan arraigado nos nosos días.

Textos complementarios como Contra todo isto (2018) e Zona a Defender (2020) móstrannos un autor indignado, que tomou conciencia das inxustizas sociais e as denuncia a través da escritura. Rivas escribiu un libro valente, a ritmo de jazz, que retrata asuntos molestos con esperanza libertaria. e que nos advirte sobre o que está a suceder nas rúas e nos campos no momento presente. Un libro que educa a nosa mirada, e enriquece o noso coñecemento do mundo.



BOLetín
XANEIRO 2021



centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría Lingüístico-social

Internet, infancia y adolescencia

Narrativas desde el modelo de activos para la salud

Hernán García, Mariano

Bilbao: Fundación EDEX, 2020

ISBN: 978-84-9726-604-8 • 160 páxs.


Mariano Hernán García, profesor de promoción de saúde comunitaria, doutor en ciencias da saúde, vogal do Consello Andaluz de Asuntos de Menores e colaborador como asesor nos ministerios de saúde e educación de España, explora a través desta investigación, e dende un enfoque salutoxénico e de forma cualitativa, as opinións do alumnado, de entre 10 a 19 anos, sobre Internet como unha fonte de información e de recursos para a saúde e o benestar. Tamén investiga sobre os riscos que provoca o seu uso, entendendo que é fundamental para a saúde pública, e a promoción da mesma, coñecer a opinión dos principais usuarios/as de Internet.

O estudo é tipo “e-research” e desenvolveuse en dúas fases, pensando nas idades a quen vai dirixido, así como os medios empregados, que foron variando dende vídeo entrevistas, grupos virtuais ou en liña... En total participaron neste estudo 190 persoas.

Entre as conclusións, destacar a visión crítica que manifestou o alumnado entrevistado sobre a utilidade de Internet para a saúde, sobre a calidade e credibilidade dos contidos de saúde en Internet, destacando a necesidade de contar cun asesoramento e alfabetización. Recoñecen, porén, que Internet é unha ferramenta válida que pode potenciar a aprendizaxe en

saúde e polo tanto un recurso importante para a saúde e o benestar da infancia e adolescencia, sempre que vaia acompañada dunha alfabetización dixital; mentres que a perspectiva dos adultos se centra máis nos riscos de Internet, que nas vantaxes que ofrece.

Estou de acordo co autor que Internet é unha ferramenta moi útil para a busca e uso de información, pero como ferramenta de aprendizaxe debe ir acompañada dunha alfabetización dixital e acompañamento do profesorado e familias.




BOLetín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Irene Mira Fernández
Asesora TIC



Conoce tu cerebro para **APRENDER A APRENDER**

Ruiz Martín, Héctor

Barcelona: International Science Teaching Foundation, 2020 • ISBN: 978-84-122134-3-0 • 139 págs.

Héctor Ruiz Martín é licenciado en Bioloxía e Máster en Xenética evolutiva. Actualmente dirixe a International Science Teaching Foundation. Está especialmente interesado en investigar sobre a memoria e a aprendizaxe en contextos escolares. Ten unha carreira docente tanto na Educación Secundaria como na Universidade de Barcelona, e lidera importantes proxectos de investigación.

Publica este libro inmediatamente despois da obra titulada ¿Como aprendemos? Ambos teñen como obxectivo común explicar o proceso de aprendizaxe no ser humano. A diferenza fundamental entre eles son os destinatarios. Se no primeiro caso a explicación ía dirixida a docentes, neste caso os receptores son os propios estudantes.

Trátase dun libro breve, sinxelo e ben estruturado a través de seis bloques de contido. A través destes apartados fai un repaso dos aspectos fundamentais a ter en conta para que o proceso de aprendizaxe sexa eficaz. Explica de xeito

sinxelo o porqué das afirmacións que asume e exemplifica con claridade cada unha delas.

Ademais de amosar o camiño de aprender cuestiona “mitos” que os estudantes asumen habitualmente no seu propio proceso de aprendizaxe.

Aborda aspectos claves para o estudo, coma a necesidade de relacionar, a importancia da práctica espazada e entrelazada, a necesidade do descanso ou da evocación como estratexia. Repasa tamén aspectos fundamentais sobre os canais de entrada da información, cuestións motivacionais ou a importancia da colaboración.

Resulta unha obra absolutamente recomendable para os e as estudantes que descubrirán, nunha linguaxe directa e amena, o xeito de obter un maior rendemento ao seu tempo de estudo.



BOletín
XANEIRO 2021



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Marta Dopico Vázquez
Asesoría Organización escolar e atención á diversidade

Mujeres líderes en la educación del S. XXI

Ferré Gaudier, Ana María

Valencia: Brief Editorial, 2020 • ISBN: 978-84-15204-82-4 • 245 páxs.

Ana María Farré Gaudier é a directora do Campus Ibercaja de Desenvolvemento Empresarial de Fundación Ibercaja e traballa para impulsar o liderado feminino. Actualmente pertence a varias asociacións de promoción da muller en España e África.

O libro está deseñado como un caleidoscopio. Ofrécese unha visión prismática da educación, cunha gran variedade de propostas e entrevistas a 22 mulleres do ámbito da educación e a cultura, que amplían e mostran diferentes caras e aspectos da realidade, enriquecendo o resultado final. Son visionarias, inspiradoras dun cambio de modelo que a Covid-19 acelera.

Nun sector, claramente feminino, se se permite a expresión, e nun mundo laboral indubidablemente patriarcal, é necesario rememorar

algunhas mulleres que estiveron e continúan en primeira liña e que malia as moitas dificultades souberon pilotar as novas reformas, e apostar pola visión máis que valiosa e interesante da educación.

Un libro que axuda a aprender, desaprender e reaprender, acorde coas competencias do século XXI. A obra aborda piares tan significativos como a inclusión, a aprendizaxe múltiple, a creatividade e o pensamento visual. Unha intelixente mirada crítica auspiciada por mulleres líderes, referente da educación no noso país

Este ensaio analiza o xeito de mellorar o currículo a través da innovación educativa e de técnicas novidosas como a aula investida, a aprendizaxe-servizo e valora a maneira de implementalo nas aulas. O libro enriquecese a través das opinións e o pensamento crítico destas visionarias que intentaron cambiar a escola.

Calquera persoa interesada pola innovación educativa, atopará nestas

páxinas «o testemuño vivo dalgunhas das mulleres que hoxe velan por transformar e poñer a educación no seu lugar merecido. Son voces que inspiran e que poden cambiar a súa vida, ou polo menos, a súa percepción sobre a importancia da educación».

Fálase de liderado, de organización do centro escolar, bilingüismo, neurociencia e aprendizaxe, educación emocional, dixitalización, intelixencia artificial e robótica, aprendizaxe por proxectos, arte, visual thinking, espazos, natureza, inclusión e un longo etc.

Tal e como expresa a autora “Hai mulleres liderando proxectos verdadeiramente excepcionais que aínda permanecen no anonimato”. Este libro dá voz a mulleres acreditadas de alta cualificación que introduciron a innovación no sistema educativo e que lideraron proxectos educativos de gran envergadura

A educación ten nome de muller.



Así se mostra neste ameno libro con testemuños de 22 mulleres do noso tempo.



BOLetín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Montserrat Penelas-Cortés Bellas
Asesoría FP

H5P

Enderezo: <https://h5p.org>
[Consulta realizada o 18/01/2021]

Máis que un recurso novo, reseñamos aquí unha recente implementación por parte de Websdinámicas dun paquete de ferramentas que nos permite enriquecer os nosos cursos na aula virtual (AV).

H5P é o acrónimo para “Paquete HTML5”. Permite crear contido interactivo e visualmente atractivo.

Entre as múltiples opcións que podes atopar están as de creación de contidos interactivos:

— Mellorar a presentación de contidos con presentacións creadas na propia Moodle, libros con páxinas interactivas con pequenas cuestións tipo test, encher ocos, preguntas

encadeadas con “feedback” inmediato e resumo final. Contempla tamén a integración coa avaliación da propia AV.

— Crear vídeos interactivos cos que ir avaliando, ou simplemente facendo foco con pequenas cuestións segundo se vai visualizando coa posibilidade de incluír a puntuación obtida, previamente determinada, ao libro de cualificacións.

— En fase beta (non definitiva) a posibilidade de crear un escenario gamificado baseado en vídeo, ou outros tipos de contido H5P.

Por outro lado, temos diferentes tipos de actividades

como ditados, operacións aritméticas, cuestionarios, preguntas sinxelas, ferramentas de “Speak”...

Entre as opcións de maquetación de contidos directamente na “Moodle”, destacaríaa opción de crear “collage”, columnas, organizar contidos coa función “acordeón”, gráficos e todo iso coa opción de interacción coas ferramentas anteriormente descritas de presentacións, vídeos, e libros interactivos.

Manuais e documentación, en castelán: <https://docs.moodle.org/all/es/H5P>



BOLetín

XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Óscar Domínguez Pérez
Asesoría científica-tecnolóxica

The screenshot shows the H5P website homepage. At the top, there's a navigation bar with links for 'Examples & downloads', 'Documentation', 'Cost & roadmap', 'Forum', and 'Log in'. A 'Create free account' button is also present. The main heading reads 'CREATE, SHARE AND REUSE INTERACTIVE HTML5 CONTENT IN YOUR BROWSER'. Below this, there are several icons representing different content types. A 'try this' button is visible. On the right, there's a 'Good work!' message with 'Time spent: 0:17' and 'Card number: 10'. The main content area features a video player showing a group of people in blue uniforms. To the right of the video, there are three sections: 'Create Richer HTML5 Content in Existing Publishing Platforms', 'Share Content Seamlessly Across Any H5P Capable Site', and 'Reuse and modify Content in Your Browser at Any Time'. At the bottom, there's a 'Get started with H5P' button and a 'Learn more' link. The footer contains a 'Supercharge your website with H5P' section, a 'Mobile friendly content' section, and a 'Share rich content' section.

Las paradojas de la innovación educativa

Martínez, Miquel y Jolonch, Anna (coordinadores)

Barcelona: Horsori. Cuadernos de Educación 88, 2019

ISBN: 978-84-949857-8-2 • 283 páxs.

“Cuadernos de Educación”

quere contribuír ao proceso de reflexión e debate sobre a educación escolar, e publica neste nº 88 un volume no que dous autores de especial relevancia, tanto nacional como internacional, coordinan os 12 capítulos nos que se organiza a publicación. Tamén colaboran neste número outros importantes expertos en sistemas e políticas educativas, formación do profesorado, xestión e organización escolar...

A través dos citados doce capítulos preséntase unha visión que aborda os cambios da

escola e, en xeral, do mundo educativo para dar resposta aos novos retos sociais e políticos, dende a perspectiva da relevancia que cobra o concepto “Innovación educativa” como motor dese cambio.

O texto recolle a importancia da innovación dende o coñecemento e unha análise rigorosa dende unha visión internacional do concepto e as súas implicacións na mellora dos sistemas educativos. Mellora que cimenta os seus éxitos no dereito a unha educación democrática da cidadanía e o fortalecemento das oportunidades de aprendizaxe

Las paradojas de la innovación educativa

Miquel Martínez Martín
Anna Jolonch i Anglada

(coordinadores)

88



CUADERNOS DE EDUCACIÓN

HORSORI

de todo o alumnado. Outros importantes conceptos que se desenvolven nos diferentes capítulos son: profesión docente, liderado e innovación, formación do profesorado como elemento clave na innovación, avaliación, calidade, contornas de aprendizaxe, mellora do ensino...

Un texto que invita a reflexionar sobre se a escola muda en paralelo aos rápidos cambios da sociedade na que se circunscribe, ou se vai por detrás.




BOLetín
XANEIRO 2021

 **CFR**
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Emilio J. Veiga Río
Director CFR de Coruña



Leo lenguas

Enderezo: <http://www.leolenguas.com/>

[Consulta realizada o 18/01/2021]

Este blog nace do interese de varios docentes da Universidade de Oviedo por ensinar linguas utilizando textos literarios. Entre os departamentos que participan no proxecto atópanse o departamento de Filoloxía Inglesa, o departamento de Filoloxía Francesa e o departamento de Filoloxía Alemá, xunto con departamento de Ciencias da Educación.

Na bitácora ofrécense orientacións didácticas e recursos interesantes para o ensino e aprendizaxe da literatura en lingua estranxeira. Os autores deste blog manifestan que os move a finalidade de estimular o pensamento crítico e a apertura ao mundo.

O blog está pensado para estimular a lectura, a escritura e a práctica da oralidade a través da

literatura en diferentes linguas, como o inglés, o español, o francés e o alemán.

Unha das seccións máis interesantes deste proxecto son as actividades que se presentan para as diferentes linguas. Moitas destas actividades están orientadas para o alumnado e profesorado de inglés como lingua estranxeira, e serían bastante adecuadas para ensinar en diferentes niveis segundo o dominio idiomático. De todos os xeitos, algunhas destas actividades tamén se poden utilizar nas clases de lingua ordinarias en secundaria e bacharelato e, mesmo algunhas, están tamén orientadas para o alumnado de ciclos de turismo.

A páxina ofrece actividades en inglés, francés, alemán e español.

Cada unha das actividades consta de diferentes exercicios que traballan a comprensión oral, a expresión escrita, o léxico, a gramática, ofrecendo información complementaria para realizar as tarefas. As actividades resultan bastante motivadoras e útiles para que o alumnado mellore as súas habilidades de lectura e produción escrita.

Ao trátaren textos auténticos de narrativa actual, promóvese a adquisición da linguaxe en áreas léxicas, máis aló dos contextos didácticos habituais da clase ordinaria. Os textos que se utilizan, en moitos casos, permítennos achegar e descubrir culturas moi diferentes á nosa.



BOLetín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría Lingüístico-social

Habitando historias

10 experiencias arredor do libro e da lectura

Muriano Rodríguez, Montse (editora)

Vigo: Editorial Galaxia, 2019 • ISBN: 978-84-9151-398-8 • 196 páxs.

Nesta época de crise e incerteza na que estamos inmersos por mor da pandemia, sobresaen un dato esperanzador e relevante: a lectura de libros no fogar durante o confinamento, aumentou de xeito notable ao igual que se incrementou o consumo de contidos culturais. A lectura pasou a ser unha das actividades que mellor axudaron a aturar a situación de cuarentena. Algúns estudos como o da Fundación Germán Sánchez Ruipérez sinalaron que a lectura de libros foi un factor de equilibrio fronte a fatiga dixital e a “intoxicación” tan desmesurada que se orixinou durante a pandemia. As persoas dirixiron a súa mirada cara ao escrito para comprender a crise.


Este libro, de fermoso e evocador título, analiza o papel da lectura na sociedade e na escola, e recolle unha

serie de discursos en torno a esta, realizados por profesionais do mundo da cultura e a educación. Para eles, os libros constitúen unha parte moi significativa da súa vida. Na postura dos diferentes colaboradores que participan neste proxecto predomina unha ollada amable sobre a importancia que a lectura desempeñou nas súas vidas, e moitos deles subliñan como a lectura fornece os lazos de socialización entre as persoas.

En moitas das experiencias persoais en torno a lectura, que se relatan no libro, destacan tamén algunhas das contradicións que esta provoca, e se sinalan os obstáculos e dificultades con que un se atopa cando quere construír lectores. Así, no libro, unha das autoras se interroga sobre como pode ensinar a ler quen non le ou non se emociona coa lectura. Outro comenta que o labor de promoción da lectura en Galiza é case nulo, e un máis sinala que tantas horas de lingua e literatura non fan obriga-

toriamente lectores e lectoras. Resulta tamén interesante unha das reflexións que cuestiona os canons lectores aínda vixentes nalgúns centros educativos.

En Galiza contamos cunha rede de bibliotecas escolares e bibliotecas públicas dun nivel excelente, e cun profesorado que, polo xeral, realiza un labor de promoción da lectura abondo satisfactorio. Este libro ofrece unha visión bastante caleidoscópica da lectura na que se examinan con acerto as fortalezas e debilidades cos que se atopan os profesionais do ámbito cultural que traballan en prol do libro e da lectura. Coincido con quen no libro di que o que se precisa é vontade de crer que a lectura é fundamental na formación dos individuos e da cidadanía, xa que unha sociedade lectora é máis libre e democrática. Este libro dá un paso máis cara a este obxectivo. A lectura non inmuniza contra todos os males, pero sen ela estaríamos marxina-



dos, faltariánnos as emocións e estaríamos menos capacitados para entender o mundo.



BOLetín
XANEIRO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría Lingüístico-social

El niño es el maestro Vida de María Montessori

Cristina De Stefano



El niño es el maestro

Vida de María Montessori

de Stefano, Cristina

Barcelona: Lumen, 2020 • ISBN: 978-84-264-0849-5 • 367 páxs.

María Montessori, médica, antropóloga e filósofa italiana, converteuse nunha icona mundial da primeira metade do século XX, conmocionou a educación cun sistema pedagóxico revolucionario, vixente na actualidade, que se coñece como o “método Montessori”.

Este método rompe por completo coa escola tradicional baseada nas aprendizaxes memorísticas. Montessori defendía que o neno pode e debe aprender de forma autónoma, con total liberdade. Cun ambiente (a aula), un material e unhas actividades organizadas, preparadas e deseñadas co obxectivo de estimular a creatividade e o pensamento infantil, permítese que o alumnado

aprenda de forma autónoma e asimile os seus coñecementos. A autora confía plenamente na capacidade de aprender a través da curiosidade.

O educador actúa como un mero observador e guía, o alumnado convértese no protagonista principal no proceso de ensino-aprendizaxe. En definitiva **o neno é o mestre**.

A historia comeza coa infancia de María, onde inicia a súa revolución persoal contra un institución baseada no inmovilismo e no castigo.

É unha gran lectora e apaixonada do teatro. Pronto descubrirá a súa vocación como doutora e docente, así comeza a creación

das súas primeiras escolas. María manda fabricar obxectos á medida, cada detalle está pensado para xerar a súa autonomía. As súas escolas serán coñecidas como “A casa dos Nenos” xa que todo está pensado para convertelo no seu fogar. Xunto co material didáctico, tamén se propoñen tarefas da vida práctica xerando responsabilidade e independencia do alumnado. Nace así un nome que en poucos anos dará a volta ao mundo e converterase *no método Montessori*.

María Montessori será recordada coma unha pedagoga revolucionaria, unha pioneira na educación e unha loitadora incansable.



BOLetín
XANEIRO 2021



centro de
formación e recursos



Sabela Fernández Trelles
Asesoría artística e deportiva

Este é
o inicio do camiño,
necesitamos
a túa *participación*



- Consulta as **novidades** na nosa biblioteca
- Participa nas nosas **sesións de lectura**
- Envia as túas **recensións** sobre novidades editoriais educativas

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna.bibliotecas@edu.xunta.es



[cfracoruna](https://www.facebook.com/cfracoruna)



[@cfracoruna](https://twitter.com/cfracoruna)



[cfracoruna](https://www.instagram.com/cfracoruna)